



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 785 Semana do 11 ao 17 de xuño de 2018

UGT ORGANIZA A VINDEIRA SEMANA ASEMBLEAS NAS SÚAS COMARCAS PARA ANALIZAR AS NEGOCIACIÓNS DO AENC

Redacción.- UGT-Galicia organiza para a vindeira semana nas súas comarcas sendas asembleas informativas para analizar as negociacións dun novo AENC.

Estas asembleas tamén teñen o obxectivo de mobilizar e chamar ás bases a participar, xa que as negociacións están avanzadas, nunha consulta de cara á posible sinatura definitiva do texto.

Esta modalidade de consulta, que se realizaría on-line e tamén de xeito presencial, é pioneira e obedece ao que establecen os propios estatutos confederais.

As devanditas asembleas están convocadas para a vindeira semana. O día 19 en Lugo ás 19.00 na sede do Sindicato.

Un día despois, o día 20, ás 11.00 horas está prevista a de Compostela, tamén na sede do Sindicato en Santiago.

O mesmo día, o 20, pola tarde, a partir das 18.30 horas terá lugar a de Ourense na sede sindical.

Xa o día 21 celebráranse outras dúas, pola mañá, ás 11.30 horas na Coruña, na sede; e ás 20.00 horas na sede de Ferrol.

Para rematar a rolda de asembleas

Asembleas programadas nas sedes de UGT

Lugo	Día 19	19.00 horas
Santiago	Día 20	11.00 horas
Ourense	Día 20	18.30 horas
A Coruña	Día 21	11.30 horas
Ferrol	Día 21	20.00 horas
Vigo	Día 22	11.00 horas

informativas, Vigo acollerá a última o día 22 ás 11.00 horas na sede do Sindicato.

O PRESIDENTE DO GOBERNO REÚNESE CON SINDICATOS E EMPRESARIOS

Redacción.- Este mércores Pepe Álvarez, xunto co secretario xeral de CCOO e os presidentes de CEOE e CEPYME, mantiveron unha reunión co presidente do Goberno e a ministra de Traballo, a primeira reunión tras a conformación do novo Goberno e que Álvarez cualificou de "positiva polo clima de diálogo, entendemento e acordo en relación aos temas máis importantes do noso país".

"O Goberno manifestou ás dúas partes a necesidade de recuperar as rendas salariais no noso país", sinalou. "É unha cuestión de xustiza social, un elemento clave para os cidadáns e para o desenvolvemento económico e a creación de emprego no país".

Emprego e Industria

Na reunión, tamén se falou do emprego. "Para UGT, hai que derrogar as dúas últimas reformas laborais, o que non significa volver á lexislación anterior, senón a introducir elementos novos que sitúen as relacións labo-



rais no noso país de acordo co peso que queremos ter en relación á contorna europea".

"Das reformas de 2010 e 2012 non atopo ningún elemento que achegase nada positivo ao desenvolvemento económico e social e estabilidade dos traballadores", afirmou. Pepe Álvarez tamén sinalou que se tratou o tema da industria. "Para UGT, é un tema clave para desenvolver o noso país. Se non recuperamos a industria de calidade, será moi difícil recuperar emprego de calidade e en boas condicións. Mostrámoslle a nosa preocupación porque a industria estea en catro ministerios distintos e que non situemos a política enerxética como elemento clave

desde o punto de vista do desenvolvemento industrial".

Ademais, sinalou que se analizaron a formación profesional, "un debate importante neste país"; a necesidade de "dar un paso adiante" para combater a brecha salarial, o acoso laboral e a violencia de xénero; e unha "maior actuación" da Inspección de Traballo ante a economía mergullada e da Administración ante a fraude fiscal.

"Hai boas expectativas e a partir de aquí imos ir vendo como se desenvolven", manifestou.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

FEPMC ORGANIZA EN SANTIAGO UNHA XORNADA SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA RESPONSABLE

Redacción.- FePMC-UGT-Galicia organizou o pasado venres en Santiago unha xornada sobre a contratación pública responsable na que máis de 300 persoas, tanto do eido sindical, como institucional, do mundo da xudicatura ou empresarial debateron sobre como se desenvolve a acción contractual no sector público e a súa relevancia.

A xornada xirou ao redor de dúas mesas de ponencias e as intervencións e preguntas do resto dos asistentes, abríndose así unha canle construtiva e fluída de intercambio de información e debate.

Concretamente, nas mesas interviñeron, entre outros, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez; Álvaro Santos, da Deputación de Lugo; a presidenta do CGRL, Verónica Martínez; o máxistrado da Sala do Social do TSXG Emilio Fernández de Mata; o director territorial en Galicia da Inspección de Traballo, Demetrio Fernández; o presidente de Aproser, Ángel Cordoba; ou o presidente do Grupo Monbus, Raúl López.

As xornadas foron abertas polo secretario xeral de FePMC-Galicia, Eladio Romero, que subliñou a importancia que ten a creación de comisións sectoriais tripartitas de creación, control e seguimento dos distintos contratos públicos.

Pola súa banda, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, que tomou a palabra no acto de clausura, enmarcou esta xornada, así como outras que se veñen celebrando dentro da organización, na campaña que UGT puxo en marcha para esixir cláusulas sociais na contratación pública para promover a mellora das condicións sociais, laborais e medioambientais.

Destacou a extraordinaria relevancia da acción contractual no sector público que representa un 19% do PIB a nivel europeo e o 20% en España. Concretamente, en Galicia as cantidades que se manexan nesta materia son duns 12.000 millóns de euros.

Estas cifras, ademais de ser un claro indicativo da importancia que ten o sector, esconden detrás un importante número de traballadores.

Polo tanto, a contratación pública non pode ser considerada con un fin en si mesmo, senón que debe ser visualizada como un instrumento que permita conseguir tamén obxectivos sociais e ambientais. Todo isto no marco dun estado social e democrático de dereito.

UGT insiste en que a integración dos aspectos sociais e ambientais no proceso de contratación pública é xa un imperativo.

As administracións non poden permanecer alleas a estes aspectos, nin no xerme da decisión nin na execución do obxecto do contrato. E UGT vai estar vixiante para que isto sexa así.

Por iso, o Sindicato fai fincapé na esixencia de elaborar unha norma de cláusulas sociais na contratación pública en Galicia e nos entes locais, como xa teñen outras comunidades autónomas ou a propia Deputación de Lugo.

Para UGT, o modelo na contratación pública ten que rexirse baixo criterios de ho-



moxeneidade e consenso cos axentes sociais e debe ser unha guía para o conxunto das administracións en Galicia.

As cláusulas sociais son un instrumento fundamental para impulsar un modelo de Administración pública, un modelo de mercado produtivo e un modelo de sociedade que asuma melloras de carácter social, medioambiental e laboral, con fundamento no interese público que remate coa precariedade na contratación de obras públicas e servizos.

O prezo non debe ser o único valor a ter en conta, para elo, resulta imprescindible a creación de órganos de participación dos axentes sociais no seguimento da contratación pública e seguimento da aplicación das cláusulas sociais e laborais.

O novo marco normativo reforza a posición dos traballadores adscritos ás contratas e a dos representantes sindicais cunha facultade exclusiva para instar a resolución dun contrato que dende UGT se vai utilizar con contundencia naqueles supostos nos que sexa necesario.

O COMITÉ DE EMPRESA DE RENFE ANUNCIA PAROS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA ENTRE OS DÍAS 23 DE XUÑO E 25 DE XULLO

Redacción.- O Comité de empresa de Renfe anuncia paros na provincia de Pontevedra entre os días 23 de xuño e 25 de xullo.

O Comité, do que UGT forma parte, denuncia carencias nos cadros de persoal para cubrir de xeito eficiente postos de venda de billetes e información en estacións como as de Vigo-Guixar, Vigo-Urzaiz, Pontevedra ou Vilagarcía.

Esta situación provoca saturación de traballo, situación de estrés laboral, ame-

zas de agresións e a imposibilidade para os empregados de Renfe de realizar o seu traballo nunhas condicións dignas e minimamente aceptables.

A isto súmaselle a precaria interlocución nas xuntanzas bimestrais entre o Comité e a dirección da empresa. Isto fai que se teñan puntos pendentes de resolución dende hai máis dun ano.



O SINDICATO CONVOCOU UNHA CONCENTRACIÓN DIANTE DA SEDE DA XUNTA PARA DENUNCIAR ESTA SITUACIÓN

FeSMC DENUNCIA QUE A ADMINISTRACIÓN SACOU O 90% DOS PREGOS DOS CONTRATOS DE SEGURIDADE ANTES DA ENTRADA EN VIGOR DA LEI DE CONTRATACIÓN PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA DAS EMPRESAS DE BAIXO CUSTO

A Consellería de Política Social adjudicou a seguridade dos centros de menores de toda Galicia a unha empresa con convenio propio que rebaixa nun 25% os salarios

Redacción.- A Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo (FeSMC-UGT-Galicia) convocou este mércores unha concentración fronte á sede da Xunta, en San Caetano, para denunciar o xeito de actuar da Administración galega no relativo á contratación dos servizos de seguridade e vixilancia. A Administración se apresurou a sacar o 90% dos pregos, con celeridade, antes de que entrase en vigor a nova Lei de contratación pública. O obxectivo disto é unicamente económico, fomentar a entrada no sector de empresas de baixo custo, as coñecidas como “low cost”.

De feito, Política Social adjudicou a seguridade dos centros de menores de toda Galicia a unha empresa con convenio propio, o que implica unha merma dun 25% dos salarios para os traballadores de nova contratación que van sufrir unha situación de discriminación en relación aos que sexan subrogados, aos que se lles aplicará o convenio estatal de empresas de seguridade. Darase así unha situación a todas luces discriminatoria de “a igual traballo distinto salario”.

FeSMC-UGT considera que a Administración galega ten que dar exemplo en materia de contratación pública, estar vixiante ante este tipo de situacións e non fomentar a contratación con empresas de baixo custo.

FeSMC-UGT insta á Xunta a que permaneza vixiante ante posibles vulneracións da directriz europea de febreiro de 2016 e a Lei de seguridade privada e actúe cando sexa necesario rescindindo contratos.

O que resulta inadmisíbel é que os traballadores das empresas de baixo custo do sector da seguridade que presten os seus servizos para a Administración galega, ademais de facer o seu traballo, teñan que pelexar a diario porque se cumpran os seus dereitos laborais.



NESTA CONCENTRACIÓN TAMÉN SE DENUNCIÓU O DESPEDIMENTO DA TOTALIDADE DOS TRABALLADORES DE SEGURIDADE DA FÁBRICA DE ARMAS

Á concentración deste mércores en Santiago, fronte á sede da Xunta, tamén se uniu outra denuncia, o despedimento da totalidade dos vixiantes da Fábrica de Armas de A Coruña, o que confirma a denuncia de UGT xa presentada hai uns días pola falta de seguridade nas instalacións do Ministerio de Defensa.

Tepol Seguridad, a concesionaria do servizo de seguridade e vixilancia, procedeu este luns á entrega das cartas de despedimento a todos os vixiantes.

A empresa argumenta o impago por parte de Hércules de Armamento de máis de 200.000 euros, feito que xa denunciou ante a Xustiza.

Hai que lembrar que UGT xa denunciou no seu momento os impagos a anteriores concesionarias, Segur Ibérica ou Gep Seguridad.

Os nove traballadores afectados, que na maioría dos casos levaban máis de 25 anos encargándose da seguridade desta fábrica, xa denunciaron o impago das nóminas de marzo,



abril e maio. Situación que se agrava se se lle suma o feito de que Tepol Seguridad asegura que carece de liquidez para pagar tamén as indemnizacións.

FeSMC informa que solicitará a nulidade dos despedimentos por vulneración de dereito de tutela xudicial efectiva.

Ademais de participar na concentración deste mércores en Santiago para denunciar a contratación por parte da Xunta de empresas de baixo custo no eido da seguridade, os traballadores teñen pechado xa un calendario de mobilizacións.

Están previstas concentracións diante de Hércules de Armamento, a Delegación de Defensa e a Delegación do Goberno.

SINDICATOS E XUNTA ASINAN UN ACORDO PARA O PERSOAL LABORAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Redacción.- FeSP-UGT, xunto con CCOO, CIG e CSIF, veñen de asinar coa Xunta un acordo sobre o persoal laboral da Axencia Galega de Infraestruturas.

Neste fíxase a racionalización das categorías laborais, refundindo categorías con funcións similares.

Tamén se incide na definición de funcións das categorías III-009 e IV-031, en atención ao obsoleto marco funcional que as regula.

Ademais, exprésase no acordo a dotación de prazas e a cobertura das mesmas por procesos selectivos. O obxectivo é a

creación dun mínimo de 57 prazas da categoría 9 do grupo III.

En materia de funcionamento, artículase un proceso selectivo por promoción interna convocado por unha soa vez e polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrencia, para que o persoal laboral fixo da categoría do grupo III, categoría 9, poida acceder, sempre que cumpran os requisitos legais necesarios, á escala de



axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas contemplada na disposición adicional oitava da Lei 2/2015.

FESE SOLICITA A CONVOCATORIA URXENTE DA MESA XERAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS PARA SITUAR AS RETRIBUCIÓNS, CANDO MENOS, NA MEDIA DO ESTADO

Redacción.- FeSP-UGT, xunto con CCOO e CSIF, veñen de remitirle ao conselleiro de Facenda unha carta na que demandan a convocatoria urxente da Mesa xeral de empregadas e empregados públicos co fin de iniciar as negociacións necesarias para acadar un acordo que permita situar as retribucións do persoal funcionario e laboral, cando menos, na media do conxunto das comunidades autónomas.

Xa que, a realidade é outra. O persoal funcionario e laboral da Xunta sitúase nos últimos postos dos empregados públicos en materia retributiva dentro do Estado en todos os grupos e categorías profesionais.

Así, en comparación coas comunidades autónomas que perciben as retribucións complementarias máis altas, os funcionarios galegos cobran entre un 34,3% menos, no caso do subgrupo C2, e un 53,78%, no caso dos funcionarios do subgrupo A1.

Facendo unha media salarial con respecto ao resto das comunidades autónomas, o persoal funcionario da Xunta percibe entre 1.766 euros por debaixo desta media, nos casos dos grupos máis baixos, e 6.185, nos máis altos. A diferenza salarial media oscila entre un 8,22% e un 13,23%, respectivamente.

Pero é que, no que respecta ao persoal laboral, as posicións non son mello-

res, Galicia ocupa o cuarto posto pola cola.

Isto confronta con que, segundo datos do INE, a evolución do PIB real de Galicia e de aforro primario sexa moi positiva e cunha previsión alcista para os vindeiros anos.

Os sectores da Administración galega de sanidade, ensino ou Xustiza xa están a negociar ou xa alcanzaron algún acordo de mellora retributiva para situar aos traballadores por enriba da media do conxunto do Estado.

Para UGT, os empregados públicos da Administración galega non poden quedar á marxe destas melloras económicas, polo que urxe sentarse a negociar xa.

FESE CONSIDERA INACEPTABLE ELIMINAR AS CONSULTAS MÉDICAS DE TARDE EN MOAÑA

Redacción.- FeSP-UGT considera inaceptable a decisión do Sergas de pechar as consultas da quenda de tarde no centro de saúde de Moaña entre o 16 de xullo e o 31 de agosto por problemas de persoal debido ás vacacións. Hai que lembrar que a día de hoxe hai catro médicos e tres enfermeiras traballando nesta quenda.

Estes drásticos recortes van a ser os responsables da saturación dos servizos de urxencias este verán. O centro de saúde de

Moaña ten un gran volume de demanda na quenda de tarde e, polo tanto, doentes e traballadores veranse moi afectados.

Ademais, a medida foi comunicada aos traballadores do centro de saúde o día 8, cando as axendas e prolongacións xa estaban feitas.

Por estas medidas tamén se van ver afectados moitos outros centros de saúde, por exemplo, na provincia de Pontevedra,



os de Tui e Gondomar.

FeSMC denuncia que, como consecuencia destas políticas, os profesionais se van a outras comunidades ou países pola precariedade nos contratos.

NACE RUGE, A ORGANIZACIÓN XUVENIL DE UGT



Mónica Rodríguez, a secretaria de Igualdade, Xuventude e Movements sociais de UGT-Galicia participando na asemblea este fin de semana en Madrid

Redacción. - "Tedes que ser unha organización de mozos e para os mozos, que lle diga ao sindicato que pensa e que quere", manifestou o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, o pasado sábado durante o acto de clausura da asemblea xuvenil que culminou coa constitución da organización xuvenil RUGE (Revolución Uxetista).

Esta organización, que aglutinará á mocidade do sindicato, está composta por unha Comisión Permanente formada polo voceiro, Eduardo Magaldi; tesoureira, Ana González; secretario de Organización, Enrique Nogués; e dous vocalías, compostas por Mar Cruz e Rafael Arrabé.

Durante a súa intervención, Álvarez resaltou que "esta organización ten que ter vida, que sexa a voz dos mozos, que acuda aos centros de traballo onde a mocidade sexa máis explotada, que lles diga as cousas polo seu nome e que sexa capaz de xerar un movemento na contorna do sindicato que nos sirva para que os mozos teñades dereitos e liberdades desde o primeiro día que empezades a traballar".

O secretario xeral de UGT lembrou que as decisións políticas que está a tomar o sindicato son basicamente para defender aos traballadores e traballadoras novos. Neste sentido, destacou que "temos que traballar nos problemas de hoxe dos mozos e hoxe tedes problemas moi serios non só no acceso, senón na precariedade, as condicións de traballo".

Os mil euros mínimos de salario, importante para os mozos

Pepe Álvarez manifestou que o sindicato está a loitar por un cambio de políticas e, neste sentido, o acordo de negociación colectiva "que estamos a negociar coa patronal -sobre o que sinalou antes de iniciar o acto que se avanzou, pero non está pechado- ten un punto central, que son os mil euros de salario mínimo e isto é importante para os mozos, e especialmente as mulleres deste país, que perciben baixos salarios".

Álvarez tamén resaltou o distanciamento dos mozos coas pensións e lembrou que agora hai que poñer as bases para que "os mozos de hoxe sexades pensionistas de mañá, con pensións que permitan vivir con dignidade". Neste sentido, avogou por eliminar o factor sustentabilidade porque levará aos mozos a que teñan como mínimo un recorte do 40% nas súas pensións. Por isto, apuntou que é moi importante incorporar á mocidade hoxe á loita polo sistema de pensións.

Unha loita de Ruge

Esta, destacou, é unha loita de Ruge, como o é tamén loitar contra a precariedade, desde os contratos en prácticas que se converten en eternos, aos bolseiros e a outros contratos que poden servir para camuflar situacións.

A formación debe ser, para Pepe Álvarez, unha das nosas reivindicacións centrais para este goberno e desde o sindicato imos ser inflexibles para que a educación e, en particular, a universitaria recupere o carácter universal e gratuito. Pero tamén para recuperar liberdades e lembrou que máis de 300 sindicalistas están nas portas dos xulgados por fa-

cer de piquetes e promover folgas. "Para nós, é imprescindible recuperar esta liberdade, incluída a de expresión que hoxe en día está en perigo".

A situación dos mozos é crítica

Durante o acto de clausura interveu tamén o novo voceiro de Ruge, Eduardo Magaldi, que sinalou que "a situación das persoas novas é crítica. Temos mozos que están a ir ao exilio porque non atopan unha oportunidade laboral. Temos mozos que se están partindo a cara levando unha bici, repartindo por catro duros e sen ningún tipo de protección, mentres toda a sociedade mira para outro lado. Temos bolseiros e bolseiras explotados por un sistema que encima o fomenta e o permite. Temos moitos mozos que teñen que aguantar xornadas maratonianas de traballo para poder levar un salario irrisorio a final de mes. A eles é aos que ten que defender Ruge".

Neste sentido, sinalou que "non nos podemos emancipar, ter unha vida propia. Temos que alargar a vida en casa dos nosos pais e a sociedade cre que nos gusta estar así. Non é certo, queremos vivir a nosa vida. Pero é imposible, cos nosos salarios e os alugueres e prezos dos pisos tan altos".

"UGT necesítanos fortes, unidos e críticos", manifestou. "Temos que loitar polas persoas novas deste país. Estamos obrigados a mellorar as súas condicións e ímolo a conseguir", afirmou. Ao finalizar a asemblea, membros de Ruge repartiron panfletos informativos sobre a situación da mocidade no parque do Retiro de Madrid.

OS AVANCES EN PENSIONES, NO MARCO DO PACTO DE TOLEDO, SON FROITO DAS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- O consenso alcanzado esta semana no Pacto de Toledo para que as pensións se revaloricen conforme ao IPC é froito das mobilizacións sociais, que foron e son a panca para un cambio de políticas. Con todo, UGT demanda aos partidos políticos que non ignoren as demandas sociais que seguen expresándose na rúa e pide ao novo Goberno que sexa sensible e xusto ante as mesmas. Neste sentido, esixe a derogación total da reforma de pensións de 2013, imposta polo anterior Executivo do PP, e acabar cos recortes que sufriron os nosos maiores (entre eles o copago farmacéutico), baixo a escusa da crise.

UGT defenderá que a subida das pensións conforme ao IPC para este ano teña carácter retroactivo, desde xaneiro de 2018. O sindicato considera que a revalorización automática das pensións conforme á evolución dos prezos non debe estar ao albor do Goberno de quenda e que garantir o poder adquisitivo de todos os pensionistas, conforme ao IPC, debe ser un dereito esencial e universal e como tal debe recoñecerse no Pacto de Toledo e blindarse na Constitución.

Nunca foi un problema das pensións, senón das políticas

UGT considera que é a ideoloxía e as



políticas que se aplican as causas que poden xerar os verdadeiros problemas e mantén que o noso Sistema de Seguridade Social, está como está, polas políticas laborais e económicas impostas polo anterior Goberno do PP.

Así, o principal problema do noso Sistema de Seguridade Social non é de gastos, senón de ingresos. Os empregos precarios, a desvalorización dos salarios e os recortes sociais xeraron menores ingresos para o Sistema de Seguridade Social e, por tanto, para as nosas pensións públicas. Pola contra, nesa etapa incentiváronse os plans de pensións privados. O sindicato considera que o novo Goberno debe romper con “esas políticas” e velar polo interese xeral.

Neste sentido, UGT entende que recuperar o consenso en pensións esixe a derogación total da reforma de pensións de 2013, imposta polo Goberno Popular, e

acabar cos recortes, entre eles o copago farmacéutico que afectou sobre todo aos nosos maiores.

Medidas, desde xa

O sindicato considera que hai que adoptar medidas, desde xa, para erradicar o actual déficit da Seguridade Social (SS). Para iso, propón acabar coas bonificacións á contratación das empresas, a cargo da SS, financiar os gastos do Sistema desde os Orzamentos Xerais do Estado (como o resto dos ministerios e organismos públicos) e destopar as bases de cotización.

Así mesmo, hai que abrir o debate sobre as fontes de financiamento do Sistema. O sindicato propón que as pensións se financien non só con cotizacións senón con impostos e que estes sexan de carácter finalista, o que permitiría ademais alimentar o Fondo de Reserva.

UGT RECIBE CON SATISFACCIÓN A DECISIÓN DO GOBERNO DE PERMITIR AO AQUARIUS AMARRAR NUN PORTO ESPAÑOL

Redacción.- UGT recibiu con satisfacción o anuncio do Goberno español de que o barco Aquarius, que navega á deriva polo Mediterráneo con máis de 600 inmigrantes e refuxiados rescatados por Médicos Sen Fronteiras e Sos Mediterranée, vai ser acollido no porto de Valencia.

Neste senso, UGT e CCOO xa fixeran público un comunicado no que solicitaba que o Goberno permitise amarrar ao Aquarius nun porto español por razóns humanitarias, o que finalmente vai suceder, evitando así unha catástrofe humanitaria.

CCOO e UGT consideran que a Unión Europea debe esixir que se cumpran as obrigacións e respéctense as normas internacionais máis básicas, como protexer a vida e esixir a solidariedade de todos os estados membros, para abordar o que sucede nas fronteiras exteriores da Unión desde o enfoque da defensa dos dereitos humanos.

Ademais, UGT e CCOO reclaman á Unión Europea que, de forma inmediata, tome as medidas necesarias para que o buque Aquarius poida desembarcar nun porto europeo ás persoas rescatadas e que estas sexan atendidas con todas as garantías, cumprindo coas obrigacións internacionais ás que están suxeitos todos os estados membros.

Por outra banda, demandan ao recentemente nomeado Goberno español, especialmente ao Ministerio de Emprego, Migracións e Seguridade Social e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, que promovan no seo da Unión unha política común de migracións, baseada no respecto aos dereitos humanos e na solidariedade e compromiso de todos os estados membros.

A situación do barco Aquarius con 629 persoas a bordo cuestiona de novo o compromiso da Unión Europea cos seus valo-

res, así como o de todos os estados membros cos dereitos humanos e coas normas internacionais.

A mal denominada crise de persoas refuxiadas revelou que, con contadas e honorosas excepcións, os estados membros non estaban dispostos a aceptar unha política común e solidaria respecto de solicitantes de protección internacional. Pola contra, permitiuse que estados como Hungría adoptasen medidas que son contrarias non só ás normas internacionais, senón aos principios fundacionais da Unión.

En lugar de aplicar políticas a longo prazo, abordando as causas da migración e respectando ante todo os dereitos das persoas migrantes, sexan ou non posibles refuxiados, a UE optou por unha solución de urxencia, os programas de recolocación e reasentamento e pola vergoñosa externalización da fronteira exterior, con acordos con Turquía e Libia.

UGT RECLAMA POLÍTICAS DE PROTECCIÓN SOCIAL E EMPREGO PARA FREAR A POBREZA INFANTIL

Redacción.- O traballo infantil parece algo alleo ao noso país. Pero a realidade é que poden darse situacións onde os menores estean a realizar un traballo baixo o que puidesen considerarse tarefas colaborativas ou de apoio familiar e que nalgúns casos puidesen ser considerados como unha forma de explotación infantil.

É o caso de nenos que "están a botar unha man", sobre todo nos períodos vacacionais cando se suspende ou termina o curso escolar, nos negocios familiares. Adoitan realizar tarefas de hostalería, comercio, labores agrícolas e gandeiros, pesca, tarefas domésticas, en talleres, venda ambulante, feirantes e esta colaboración en realidade o que encerra é o desenvolvemento dunha actividade laboral.

O traballo infantil é incompatible co benestar das nenas e os nenos, e facer uso do seu dereito ao xogo, ao tempo de lecer, e demais dereitos contemplados na Convención de Dereitos do Neno. Ademais, non debemos esquecer que o traballo infantil, tal e como nos lembra a OIT na súa campaña deste ano, leva riscos para a saúde, lesións e pode ocasionar secuelas para toda a súa vida.

En moitas ocasións os nenos traballan pola situación de pobreza en que están inmersas as súas familias. Segundo a última Enquisa de Condicións de Vida (INE), no ano 2016, o 22,3% de poboación atopábase en risco de pobreza e a taxa de risco de pobreza para os menores de 16 anos situouse no 28,9%, sendo 6,6 puntos superior á do conxunto da poboación. E a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) cifra en máis do 20% a pobreza infantil no noso país, concretamente no 23,4%, case o dobre que a media na OCDE, que se fixou no 13,3%.

Desde o noso Sindicato consideramos fundamental a creación dun Alto Comisio-

nado para a pobreza infantil, anunciado polo Goberno, e que forme parte da axenda social do actual executivo. Estimamos conveniente a instauración dunha verdadeira política de garantía de rendas e que se adopten urxentemente medidas para reducir o número de familias que viven por baixo do limiar de pobreza, xa que o incremento de nenos pobres no noso país débese, fundamentalmente, a unha baixada no poder adquisitivo familiar.

UGT reivindica unhas políticas de protección social que garantan os dereitos dos nenos, o seu benestar social e a ruptura definitiva coa pobreza e vulnerabilidade social. Débese acabar coa transmisión interxeracional da pobreza, xa que as bolsas de traballo infantil son máis frecuentes entre as poboacións con carencias graves, nenas e nenos non escolarizados e na economía mergullada.

Nenos inmigrantes

Non debemos esquecer aos menores estranxeiros. En primeiro lugar, os casos perigosos de traballo infantil e que son realizados por menores vítimas da trata de seres humanos. Segundo os últimos datos da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), en España hai preto de 20.000 menores identificados pola Policía que foron obrigados a prostituírse, mendigar ou cometer delitos, ou que foron vítimas de redes de delincuencia internacionais.

Doutra banda, os menores estranxeiros non acompañados, os chamados MENA, son especialmente vulnerables xa que en ocasións ponse a énfase en ser estranxei-



ros no canto de menores e incúmprense obrigacións internacionais, dificultándolles o acceso á atención sanitaria e educativa e estando máis expostos a ser vítimas de traballo infantil e a traballos sen contratos e con xornadas abusivas.

UGT demanda a implantación dun protocolo cuxas accións teñan en conta a Convención de Dereitos do Neno, e velar polo interese superior do menor, debendo adecuar a normativa e as prácticas co fin de protexer a estes nenos e nenas. Urxe que a súa acollida e asistencia sexa inmediata, no momento da súa chegada, brindándolles protección, asistencia xurídica, servizos sociais, atención sanitaria e medios educativos.

Mellorar a protección social

Urxe instaurar un marco de dereitos sociais e prestacións económicas que garanta que todos os cidadáns que se atopan en situación de necesidade reciban unha prestación económica. Nesta liña atópase a nosa Iniciativa Lexislativa Popular de creación dunha Prestación de Ingresos Mínimos, que garanta uns ingresos adecuados ás persoas que, teñen dispoñibilidade para traballar, pero carecen de emprego e duns recursos económicos mínimos para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo, asegurando unhas condicións mínimas para atender as súas necesidades máis esenciais.

Os accidentes mortais "in itinere" aumentaron un 19,2%, sendo os accidentes de tráfico a primeira causa de mortalidade laboral entre estes

Redacción.- No primeiro trimestre do ano os accidentes mortais "in itinere" ascenden a 31, o que supón un aumento do 19,2%, 5 falecementos máis que en 2017), 27 destas mortes producíronse en accidente de tráfico. Doutra banda, aínda que os homes sufriron menos accidentes in itinere que as mulleres, sofren os de maior gravidade (das 31 mortes, 28 corresponden a homes). Unha tendencia que non variou ao

longo dos anos. UGT advirte que desde 2013 incrementáronse o número de accidentes laborais de tráfico e achaca este aumento a un cambio nas ocupacións dos traballadores e traballadoras (cada vez inclúese máis a conducción de vehículos) e á precariedade laboral.

Debemos seguir denunciando que a precarización do mercado de traballo provocada

pola reforma laboral propiciou un aumento dos accidentes "in itinere". A temporalidade, a parcialidade, os baixos salarios ou as rotacións provocan altos niveis de estrés, que poden incidir neste tipo de accidentes laborais. O mal uso que se fai da contratación provocou un incremento do número de desprazamentos que se realiza durante a xornada laboral. En moitos casos provocado pola obriga de simultanear varios empregos.

UGT INSTA A NEGOCIAR, DESDE XA, PARA QUE A DIXITALIZACIÓN NON PREXUDIQUE AOS TRABALLADORES

Redacción.- Os robots industriais destrúen emprego e baixan os salarios. Así o afirma un novo estudo de Bruegel, que analiza os casos de seis países da UE e que alcanza as mesmas conclusións que estudos precedentes centrados nos EEUU.

O “think tank” europeo demostra que a posta en marcha dun robot industrial por cada mil traballadores aumenta o desemprego ata nun 0,31% e reduce os salarios dos traballadores da devandita industria nun 0,64%, cifras absolutamente preocupantes e desalentadoras. De feito, o propio documento confirma que a introdución de robots nos procesos de produción vai reducir, significativamente, as taxas de emprego en Alemaña, Italia, Suecia, Finlandia, Francia e España.

Ademais, este desprazamento de traballadores non é lineal. Afecta especialmente os traballadores novos, que se atopan cun mercado laboral que ofrece menos oportunidades de traballo, e ás persoas con competencias e habilidades intermedias, habitualmente situadas nas clases medias.

Este efecto está directamente relacionado coa substitución de emprego con altas doses de rutina e tarefas repetitivas por parte dos robots, o que agudizará o proceso

de polarización laboral e o empobrecendo das clases medias.

As evidencias científicas atopadas neste documento – así como o seu precedente nos EEUU- contradín os argumentos de patronais, empresarios e algúns políticos que non dubidan en aseverar, sen base científica nin estudos que o avalen, que a implementación masiva de robots non ten afectación negativa sobre o emprego e as condicións laborais. É evidente que, se a ten e ten un alcance moi perigoso, especialmente para os nosos mozos e para as clases medias.

Mentres se acumulaban os estudos que demostran que a dixitalización do emprego vai xerar algúns gañadores e moitos perdedores, o anterior Goberno do Partido Popular non fixo nada por articular políticas que protexan a estes últimos. A Estratexia Dixital quedouse no esquecemento, pasando de ser Intelixente a Desaparecida.

UGT propuxo na súa participación na Consulta Pública unha batería de medidas para paliar os efectos perniciosos da transformación dixital, desde medidas de redistribución das rendas e dos beneficios da produtividade dixital, a medias de recolocación e recualificación dos traballadores,



pasando por acordos colectivos paritarios que reducen as perdas de emprego e a redución de salarios.

O noso Sindicato segue defendendo que o Diálogo Social é a mellor ferramenta para construír unha sociedade dixital do futuro baseada nun Estado do Benestar 4.0, pero para iso é preciso que a patronal abandone o seu obstrucionismo e que o novo Goberno priorice este asunto na súa axenda política e social. Trátase de dar unha resposta ás necesidades de traballadores e cidadáns porque cada día que pasa é un día menos para afrontar os retos que nos propón a dixitalización.

Por iso, cominamos ao Executivo e patronais a sentar á mesa e empezar a negociar de forma transversal e sectorial, mediante acordos colectivos e convenios, para que este proceso repercuta no ben de todos e, sobre todo, dos traballadores deste país.

UGT CELEBRA A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO QUE CONSIDERA ILEGAL DESPEDIR NO VERÁN AO PROFESORADO INTERINO

Redacción.- Grazas á negociación, sindicatos como UGT conseguimos que ata o ano 2011 a tónica xeral fose que os profesores e profesoras contratados ao comezo de curso para cubrir unha praza vacante en centros públicos estivesen empregados ata o 31 de agosto do ano seguinte, ou ata o 14 de setembro -no caso de ensinos medios-; é dicir, por todo o curso escolar. Como consecuencia, durante os meses de xullo e agosto seguían cobrando normalmente e completaban as tarefas de setembro cos exames de recuperación.

Desde o ano 2012, os profesores interinos dos corpos docentes tiveron que enfrontarse a unha situación que se repetiu na maior parte das comunidades autónomas: o seu despedimento o 30 de xuño, xerando desigualdades importantes, non só con respecto ao profesorado funcionario, senón entre os propios docentes interinos e por ter

ritorio -é distinto contrato por vacante ou por substitución-. Neste momento, segue habendo comunidades nas que as contratacións por substitución, como é o caso de Castela-A Mancha, seguen sen percibir a retribución do verán.

Desde UGT valoramos de maneira positiva a sentenza do Tribunal Supremo que considera ilegal que os profesores interinos que son contratados en setembro para exercer durante todo o curso escolar sexan cesados o 30 de xuño e non se lles pague os meses de xullo e agosto, xa que pode servir para que as administracións educativas re-



coñezan de oficio un dereito que doutra forma tense que reclamar individualmente.

UGT defende que o profesorado interino recupere os dereitos perdidos desde que se empezaron a aplicar os reais decretos de recortes, xa que entendemos que non pode haber discriminación do profesorado interino fronte aos seus compañeiros funcionarios de carreira.